



+ INFO

O Concello de Cerceda informa...

No mes de xullo débese o prazo para se inscribir nas actividades deportivas e culturais para o ano 2010 - 2011.

O programa de actividades é o seguinte:

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

- Atletismo bochearelirto
- Atletismo primaria
- Atletismo secundaria
- Atletismo veteranos
- Escola de fútbol
- Hockey sobre patíns
- Judo
- Multideporte en Cerceda
- Patinaxe artística en Cerceda
- Step - tonificación en Cerceda
- Xadrez
- Ximnasia de mantemento (As Encrobas, Cerceda, Meimama e Rodís)

ACTIVIDADES CULTURAIS E DE LECER:

- Baile de salón
- Escola de Música
- Encaxe de bolillos
- Inglés para nenos/as da ESO
- Inglés para nenos/as Primario
- Manualidades en Cerceda
- Obradoiro de debuxo e pintura Cerceda
- Teatro na Silve

LEMBRA...

A inscrición nas actividades debe realizarse entre o 1 e o 31 de xullo de 2010. Para que unha actividade se leve a cabo, é necesario a inscrición mínima de 15 participantes; as taxas das actividades son as seguintes:

- Nenos/as (ata 17 anos) e persoas maiores de 65 anos: 60€/ano/actividades de 2 horas semanais e 75€/ano/actividades de 4 horas semanais.

- Persoas adultas (de 18 anos en adiante) 90€ / ano / actividade.

Os pagamentos pódense domiciliar e lembra que se establece unha bonificación* do 10% da taxa establecida para os membros dunha familia numerosa (débase achegar unha copia do libro de familia no momento de realizar a solicitude das actividades). No caso de que varios irmáns participen na mesma actividade, o segundo irmán e seguintes aboarán o 50% da cota. Deberá achegarse xunto coa solicitude unha copia do libro de familia.

* De acordo co establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección de familias numerosas.

CALENDARIO DE ACTIVIDADES



MAIO, 2010

ACTIVIDADE	DATA	LUGAR	HORARIO
DÍA DA BIC	09/05/2010	CAMPO DA FEIRA DE CERCEDA	POLA MAÑÁ
DÍA DO DEPORTE	29/05/2010	PARKUE ACUÁTICO	POLA TARDE
GALA DO DEPORTE	14/05/2010	TORDOIA	
CARRERA PEDESTRE	30/05/2010	CAMPO DA FEIRA DA SILVA	09.30 - 14.00 h
CAMPONATO GALEGO DE AEROMODELISMO	30/05/2010	PISTA DE AEROMODELISMO	

XUNO, 2010

ACTIVIDADE	DATA	LUGAR	HORARIO
INSCRICIONS CAMPAMENTOS MUNICIPAIS	DO 01/06 AO 21/06	OMIX	DE LUNS A VENRES 14.30 AS 19.00 h
INSCRICIONS CAMPAMENTOS DA DEPUTACIÓN	DO 01/06 AO 11/06	OMIX	DE LUNS A VENRES 14.30 AS 19.00 h
FESTA DE APERTURA DA PISCINA DA SILVA	19/06/2010	PISCINA DA SILVA	15.00 - 18.00 h
INAUGURACIÓN DAS PISTAS DE PADEL	XUÑO	COMPLEXO DEPORTIVO DO ROXO	
OPEN DE AEROMODELISMO	26/06/2010	PISTA DE AEROMODELISMO	
INICIO CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN	28/06/2010	CENTRO CÍVICO	POLA MAÑA

XULLO, 2010

ACTIVIDADE	DATA	LUGAR	HORARIO
TETRAMARATÓN	DO 05/07/2010 AO 09/07/2010		DAS 21.00 - 23.00 h
TORNEO FÚTBOL BASE	10/07/2010	COMPLEXO DEPORTIVO DO ROXO	TODO O DÍA
CAMPUS DEPORTIVOS DEPUTACIÓN DA CORUÑA	18/07 AO 24/07		
CAMPUS DE FÚTBOL DEPUTACIÓN DA CORUÑA	25/07 AO 31/07		



PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS PRIMAVERA - VERÁN 2010



O CONCELLO DE CERCEDA, CO DEPORTE

09/05/2010

DIA DA BICI

Co obxectivo de fomentar o uso da bicicleta como medio de transporte e tamén como práctica deportiva saudable, o Concello de Cereda organiza esta xornada lúdica e recreativa cun percorrido polas inmediacións do concello. Habberá un percorrido para nenos e outro para maiores.

HORARIO: ás 10.00 horas
INSCRICIÓN: na OMIX (no Centro Cívico de Cereda), no teléfono 981 686 209 ou enviando un correo cos teus datos persoais, facendo referencia a "día da bici", ao seguinte enderezo correo@cerceda.dicoruna.es

29/05/2010

DIA DO DEPORTE

Xornada adicada ao Día do deporte e as actividades lúdicas, onde os/as protagonistas serán as persoas mozas do Concello de Cereda realizaranse diferentes xogos predeportivos de diversas modalidades.

HORARIO: pola tarde
INSCRICIÓN: nas oficinas xerais do Concello, no teléfono 981 685 599 ou enviando un correo cos datos persoais, facendo referencia a "inscripción día do deporte" a correo@cerceda.dicoruna.es

30/05/2010

CARRERA PEDESTRE NA SILVA

Organízase esta xornada para fomentar esta práctica deportiva, poderán participar nenos e nenas e persoas adultas de todas as idades.

HORARIO: ás 09.30 Horas
INSCRICIÓN: no CEIP Celso Emilio Ferreiro, no teléfono 649 058 968 ou enviando un correo cos teus datos persoais, facendo referencia a "inscripción carreira pedestre" a jdcaballero@edu.xuntra.es



NON ESQUEZAS

GALA DO DEPORTE DA MANCOMUNIDADE. Este ano celebrárase no Concello de Tordoia

14/05/2010

28/06 ao 06/08

CAMPAMENTOS URBANOS DE VERAN

O Concello de Cereda organiza os campamentos urbanos durante este verán 2010 como unha alternativa de lecer para as nenas e os nenos con idades comprendidas entre os 4 e os 14 anos. Recorda que o prazo de inscrición abre o 1 de xuño ao 21 de xuño. As actividades que se desenvolven nos campamentos urbanos favorecen:

- O desenvolvemento persoal das nenas e dos nenos
- Potencian a convivencia e o traballo en equipo
- Melloran o coñecemento do entorno
- Favorece a aprendizaxe de novas experiencias a través do xogo

Os campamentos organízase en tres quedadas nas seguintes datas:

- 1ª quenda: 28 xuño ao 9 de xullo
- 2ª quenda: 12 de xullo ao 23 de xullo
- 3ª quenda: 26 de xullo ao 6 de agosto

O custo dos campamentos urbanos é: 40€ */ neno/ quenda

INSCRICIÓN: na OMIX (no centro cívico) en horario de luns a venres das 14.30 das 19.00h. Recorda o prazo de inscrición: do 1 ao 21 de xuño de 2010

* No caso de que varios irmáns participen na mesma actividade, o segundo irmán e seguintes aboardan o 50% da cota.



19/06/2010

FESTA DE APERTURA DA PISCINA DA SILVA

Xornada na que se celebrará unha festa con inchables acuáticos con motivo da apertura da piscina da Silva.
HORARIO: ás 15.00 horas

Xuño

INAUGURACION DAS PISTAS DE PADEL

Con motivo da inauguración das pistas de pádel municipais, nesta xornada organízase unha serie de actividades de presentación e divulgación desta práctica deportiva: clases con monitores/es especialistas e un partido de exhibición.

NON ESQUEZAS

Inicio do prazo de inscricións para os campamentos urbanos de verán	Do 1 ao 21 xuño
Inscricións dos campamentos deportivos e de fútbol da Deputación da Coruña	Do 1 ao 11 xuño
3º Open de Aeromodellismo	26 e 27 xuño
Inicio 1ª quenda de campamentos urbanos de verán do Concello de Cereda	28/06/2010

05 ao 07 DE XULLO

TETRAMARATON

Evento deportivo dunha semana de duración, onde se disputará un maratón de catro modalidades deportivas (en formato de competición). O equipo que acadе máis puntos será o gañador do campionato. No último día da competición entregaranse os agasallos para as persoas participantes e os premios.

HORARIO: todos os días a partir das 21.00 horas
CUSTO DA INSCRICIÓN: 30 €
INSCRICIÓN: no CEIP Celso Emilio Ferreiro, no teléfono 649 058 968 ou enviando un correo cos teus datos persoais, facendo referencia a "inscripción TETRAMARATON" a jdcaballero@edu.xuntra.es

10/07/2010

TORNEO DE FUTBOL BASE

Torneo do fútbol base que se organizará nas categorías prebenxamín, benxamín e de dúas categorías de equipos de Cereda e doutros da nosa comunidade. O principal obxectivo é o de fomentar a práctica deportiva e traballar cos rapaces e rapazas valores como o compañeirismo, o xogo limpo...

PROGRAMA DA ACTIVIDADE
09.00h - Recepción dos equipos
09.30h - Inicio dos partidos
15.00h - Fin da xornada matinal e almorzo
16.30h - Inicio dos partidos da tarde
20.30h - Entrega de trofeos e fin da xornada

18/07 ao 24/07

CAMPUS DEPORTIVOS DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A Deputación da Coruña organiza os campus deportivos da provincia. A quenda para os rapaces de Cereda é a que comprende as seguintes datas: do 18 de xullo ao 24 de xullo de 2010.

25/07 ao 31/07

CAMPUS DE FUTBOL DEPUTACION DA CORUNA

A Deputación da Coruña organiza os campus de fútbol da provincia. A quenda para os rapaces de Cereda é a que comprende as seguintes datas: do 25 de xullo ao 31 de xullo de 2010.

+ INFO



- Nas oficinas do Concello de Cereda ou ben no teléfono 981 685 001
- Na OMIX ou ben no teléfono 981 686 209